

RALLY MATEMÁTICO 2023. IGACIENCIA

Probas no centro

A data de realización da proba de centro da edición do 2023 do *Rally matemático sen fronteiras* é o **11 de abril, martes**, de 16:00 h a 17:00 h.

Destacamos algún dos obxectivos que se pretenden e que guían a formación dos grupos e a corrección das respostas:

-Matemáticas para todos (non só para os que acadan boa nota na materia).

-Traballo colaborativo. Saber organizarse para a resolución de problemas en grupo é prioritario, por esa razón hai que cumprir cos tempos con precisión.

Materiais a empregar:

Todo tipo de materiais, incluídos libros de texto e calculadoras, **agás internet e teléfonos móbiles**.

O grupo debe ser autónomo e non consultar con outros grupos nin co profesorado.

Proba de centro: día 11/04/2023

-O ideal é contar cunha aula por cada grupo inscrito, de forma que haxa comunicación entre os compoñentes do grupo e que poidan consultar o material do que dispoñan, sen que haxa comunicación con outros grupos. A aula debe contar con 1 ordenador por grupo con conexión a internet, para ir anotando as repostas nun formulario ao tempo que se realiza a proba. A realización da proba debe ser supervisada por un profesor ou profesora, pois non poden utilizar internet salvo para ir cubrindo o formulario.

-Ás 15:50 h **enviaranse ao correo que figura na inscrición** os arquivos en .pdf coas probas de matemáticas, que comezarán ás **16:00 horas**, para que dea tempo a imprimilas.

Entre as 16 h e 16:10 estarán postos os catro formularios de matemáticas, un por cada curso, perfectamente visible en <https://www.igaciencia.eu> para ir recollendo as **respostas curtas das probas**. A resposta ampliada enviarase nun único arquivo *zip* ou *pdf*.

-Ás 16 h o profesorado distribuirá a proba aos grupos de matemáticas para dar comezo á resolución.

[Teléfonos de emerxencia: 699404821 e 679419987](tel:699404821)

Aclaracións destinadas aos que participan por primeira vez no rally:

Poden comunicarse os membros do grupo? Cada grupo cubrirá un só formulario de resposta polo que, evidentemente, poden-deben falar entre eles e, o que é especialmente importante, teñen que ser quen de organizarse para facer ese traballo conxuntamente.

Poden usar materiais, libros e calculadoras? Si. Poden utilizar Geogebra? Si. Poderían acompañar como imaxe un programa Geogebra na solución dalgún problema? Si.

Que non poden facer? comunicarse con membros dos outros grupos na aula, ou con outras persoas que estean fóra, por medios como teléfono ou correo electrónico. Tampouco

poden usar internet para buscar solucións. O Profesor ou profesora pode aclarar aos grupos algunha dúbida “de sentido común” pero non debe transmitirles solucións ou estratexias que lles axude a resolver a proba.

Recibido o exame, cantas copias impresas podedes facer? As que queirades, pero como a resolución é en grupo, con tres por grupo debería chegar.

A **reposta ampliada** pode realizarse en papel e remítela nun único arquivo zip ou en pdf. Meter nunha carpeta todos os documentos que recollen a resposta ampliada -mesmo imaxes- e logo co botón dereito enviar a / carpeta comprimida (en zip); despois subir no formulario o zip correspondente.

Que pasa se non saben poñer as fórmulas? poden poñelas usando abreviaturas como o \wedge para potencias ou $rc(5)$ para raíz cadrada de 5, π vale por π , por exemplo. En calquera caso recoméndase mostrar tamén o valor decimal da solución e as unidades correspondentes.

Como cubrir o formulario? A partir de ter as solucións cada grupo debe cubrir un único formulario, o que corresponda á súa categoría. Lembrade que se accederá ao mesmo na primeira páxina de <https://www.igaciencia.eu> Un único formulario quere dicir que **non se debe premer o botón enviar nada máis que cando se quere enviar todo o formulario cuberto**. En todo caso, só se revisará o último enviado polo grupo, pero entorpecerá moito o traballo dos correctores recibir 4 ou 5 formularios inacabados por grupo

A proba dura 1 hora.

Os formularios coas repostas curtas teñen que **antes** das 17 h. Envíase o formulario premendo no botón **ENVIAR cando consideren que está finalizado; cómpre premer o botón enviar unha soa vez, é dicir un só envío**. A hora de envío queda rexistrada no servidor.

Para dar por válidas as respostas aos exercicios da proba que se recollen no formulario, débese enviar **tamén a resposta ampliada.**

A resposta ampliada, que deberá elaborarse simultaneamente á resolución da proba, recollerá con detalle o proceso de resolución e de comunicación da solución e deberá enviarse dentro do cuarto de hora seguinte, é dicir, ata as 17:15h, a un formulario distinto “Formulario de resposta ampliada”

Forma de envío:

Subírase **un único arquivo por cada grupo** á web, en formato zip (ou pdf sempre que sexa un único arquivo por grupo), que conteña todo o que se quere xuntar –ben o texto odt, word ou pdf, jpg... que teña elaborado o grupo ou o texto escaneado se o fixeron en papel- e/ou as imaxes escaneadas do seu traballo-.

O lugar para subir o zip coa resposta ampliada tamén terá un formato de formulario con varias cuestións a cubrir para identificar o grupo e permitirá subir o zip correspondente e estará baixo o título “Formulario de resposta ampliada”.

En resumo, o formulario de resposta curta debe remitirse, **premendo o botón enviar**, ás 17 horas **ou antes**. A proba completa e ampliada remitírase **antes das 17:15 horas**. **En todo caso, pecharanse as vías de recepción ás 17:30 para dar tempo a que entren todos os documentos que saíron en prazo.**

Só no caso de que haxa algunha incidencia xustificada poderase enviar a resposta ampliada a rallyigaciencia@gmail.com

PUNTUACIÓN da proba: realizarase a corrección sobre os formularios remitidos. Revisaranse os documentos do zip coa resposta ampliada que se correspondan cos formularios que teñan maior puntuación para efectuar a valoración final.

A igual puntuación, desempatarase tendo en conta os seguintes criterios: orde de inscrición, participación do centro (número de grupos participantes), *ademais débese lembrar que non pode gañar máis que un grupo por centro en cada curso e modalidade, e de un mesmo centro só poderá acceder á final un máximo de dous grupos.*

Un apunte de cara a próximas convocatorias: nas listas xade é conveniente remitir só os datos necesarios. É fundamental saber que pertencen ao mesmo grupo clase da materia de matemáticas; é dicir, que comparten aula, profesor/a e á mesma hora na clase de matemáticas, por esa razón a lista xade axeitada é a da materia de matemáticas, que ten este formato:



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE



32009131

AL987

Alumnos por materia

Curso: 2º Enseñanza secundaria obrigatoria

Grupo: B Ano de inicio: 2021/2022

Materia: Matemáticas

Titora:

Profesores:

Nº	Apellidos e nome	Grupo	Pendente	Exento / Validado (*)
----	------------------	-------	----------	-----------------------